



ACTA

Expediente núm.:	Órgano Colexiado:
XGL/2017/17	A Xunta de Goberno Local

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	3 de abril de 2017
Duración	Desde as 20:05 ata as 20:40 horas
Lugar	SALA DE SESIÓNS
Presidida por	XOSE MANUEL PAZOS VARELA
Secretario	BERTA ALONSO SOTO

ASISTENCIA Á SESIÓN

DNI	Nome e Apelidos	Asiste
77010633D	ANDRÉS GARCÍA BASTÓN	NON
53171075C	EVA RODRÍGUEZ CALVAR	NON
73240505H	HÉITOR MERA HERBELLO	SÍ
76807564F	LOURDES RIAL PARDO	NON
78730184B	MARIANO ABALO COSTA	NON
76811297Z	MERCEDES GIRALDEZ SANTOS	SÍ
53113479Q	TANIA CASTRO PAREDES	SÍ
78739263M	TOMÁS HERMELO ÁLVAREZ	SÍ
76328194A	XOSE MANUEL PAZOS VARELA	SÍ
34907283E	XOÁN CHILLÓN IGLESIAS	SÍ
78736615W	ÁNXELA VIZOSO MARCOS	SÍ

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.



A) PARTE RESOLUTIVA

Aprobación das actas das sesións anteriores realizadas os días 6 e 27 de marzo de 2017

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acordou, aprobar os borradores das actas das sesións anteriores da Xunta de Goberno Local, realizadas os días 6 e 27 de marzo de 2017.

Expediente 1584/2017. Licenza de obras

Non hai acordo

Motivo: Falta de tempo

Este punto foi retirado da orde do día para mellor estudo.

Expediente 1721/2017. Licenza urbanística de obras

Desfavorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 1.721/17 (Expte.: 25.787).- O tramitado a instancia de C.G.C., con enderezo a efectos de notificacións en Donón, nº 42-O Hío, para a construción de piscina en Donón, nº 42-O Hío-Cangas, segundo o proxecto elaborado polo arquitecto, técnico J.P.Y., de data novembro de 2015, denégase vistos os informes emitidos polo Instituto de Estudos do Territorio en data 04.04.2016 e 12.09.2016 e o informe desfavorable do arquitecto municipal de data 21.03.2017.

Expediente 1089/2017. Licenza urbanística de obras maiores

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 26.055 (1089/17).- Outorgar a A.P.B., con enderezo na Avda. Fragoso, nº 60-5ºB-Vigo, licenza de obras para en Cunchido de Abaixo, nº 10-Darbo, en solo de núcleo rural, regulado pola Ordenanza 11 e 12, construír edificación de semisoto dedicado a garaxe de 37,27 m²., 6,54 m²., de muro de contención, urbanizado e demolición de edificación adxectiva de 50,45 m²., de conformidade co



proxecto do arquitecto S.G.F., de xullo de 2016. O presuposto de execución material ascende a quince mil setecentos trinta e catro euros con corenta e catro céntimos (15.734,44 €). Deberá utilizar os materiais que sinala a Lei do solo de Galicia para os núcleos rurais e a formalizar perante o Catastro a modificación que presenta esta licenza.

Acéptaselle a cesión gratuíta de terreo de 9,24 m2., para o vieiro efectuada con data 7 de marzo de 2017.

Expediente 1281/2017. Licenza urbanística de obras maiores

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 26.204 (1281/17).- A A.M.F., con enderezo en Romarigo, nº 23-Coiro, para en Longán, nº 51-Coiro, en solo urbano residencial de edificación intensiva, regulado pola Ordenanza 7, conceder licenza de obra para a construción de vivenda unifamiliar adosada de 76,29 m2., de semisoto, os mesmos de planta baixa e primeiro andar e 36,57 m2., de terrazas ou escaleiras e 118,60 m2., de demolición de edificación existente, de conformidade co proxecto elaborado polo arquitecto J.L.D.G., de outubro de 2016. O presuposto de execución material ascende a cento trinta mil seiscientos sesenta e seis euros con trinta e tres céntimos (130.666,33 €), a utilizar os materiais que sinala a LOUGA e antes do comezo das obras deberá presentar o proxecto de execución e oficios de dirección, así como formalizar perante o Catastro Inmobiliario a modificación que presenta esta licenza.

Expediente 1047/2017. Licenza urbanística de obras maiores

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 1047/2017.- Outorgar licenza de obra a M.Á.P.P., con enderezo a efectos de notificacións en rúa Diego Xelmírez, nº 7-Darbo-Cangas, para a construción dunha piscina en rúa Diego Xelmírez, nº 7-Darbo-Cangas, segundo o proxecto elaborado polo arquitecto técnico J.P.Y., de data febreiro de 2017, condicionado a formalizar perante o Catastro a modificación que presenta esta licenza. O presuposto de execución material ascende a tres mil trescentos sesenta e cinco euros (3.375,00 €).

Expediente 1516/2017. Licenza urbanística

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento



EXPEDIENTE Nº 1516/17.- A GAS GALICIA, SDG, SA, con domicilio a efectos de notificacións en Travesía de Vigo, nº 204-PB, para no lugar da Pedreira, nº 70-Coiro, autorizar a ocupación de dominio público e conceder licenza de obras para executar unha canalización de 2 metros, de conformidade coa documentación presentada e coas seguintes condicións:

As obras non se poderán realizar no período do verán, comprendido entre o 15 de xullo e o 15 de setembro. Non se permiten reposicións parciais.

Nin durante o período das festas de Nadal (21 de decembro a 7 de xaneiro) nin durante as de Semana Santa. Deberá regular o tráfico durante as obras. Non se permiten reposicións parciais.

* Debe reponer a totalidade dos servizos e infraestruturas afectadas.

* Por razóns de seguridade e na medida do posible, non se permiten canalizacións sobre a calzada, debéndose emprazar nas zonas destinadas a beirarrúas.

Debe computarse no aval global depositado o importe de trescentos euros (300,00 €) para responder das obras de reposición da vía pública. No caso de que o concello teña que facer obras no dominio público do sistema viario e resulte afectada esta obra, será por conta de Gas Galicia o traslado, adaptación, reposición ou calquera outra actuación que resulte necesaria, sen que iso supoña dereito a ningún tipo de indemnización.

Deberase axustar, así mesmo, ás seguintes condicións:

*Se o vial ten 5,00 metros ou mais de ancho, procederase por parte da empresa a reasfaltar un carril.

*Se o vial é inferior a 5,00 metros de ancho, deberá reasfaltar 1,00 metro a cada lado da gabia.

Para a conexión coas vivendas, advírteselle da obrigatoriedade imposta polo art. 194.3 da Lei 9/2002, do Solo de Galicia e 43.1 da Lei 8/2012, de Vivenda de Galicia, da existencia aos propietarios, da correspondente licenza de primeira ocupación para poder contratar o servizo.

Expediente 1154/2017. Licenza urbanística

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 1154/17.- A GAS GALICIA SDG SA, con domicilio a efectos de notificacións en Travesía de Vigo, nº 204-PB-Vigo, para no lugar da Pedreira, nº 23-Cangas, autorizar a ocupación de dominio público e conceder licenza de obras para executar unha acometida de 2,00 metros, de conformidade coa documentación



presentada e coas seguintes condicións:

As obras non se poderán realizar no período do verán, comprendido entre o 15 de xullo e o 15 de setembro. Non se permiten reposicións parciais.

Nin durante o período das festas de Nadal (21 de decembro a 7 de xaneiro) nin durante as de Semana Santa. Deberá regular o tráfico durante as obras. Non se permiten reposicións parciais.

* Debe repoñer a totalidade dos servizos e infraestruturas afectadas.

* Por razóns de seguridade e na medida do posible, non se permiten canalizacións sobre a calzada, debéndose emprazar nas zonas destinadas a beirarrúas.

Debe computarse no aval global depositado o importe de trescentos euros (300,00 €) para responder das obras de reposición da vía pública. No caso de que o concello teña que facer obras no dominio público do sistema viario e resulte afectada esta obra, será por conta de Gas Galicia o traslado, adaptación, reposición ou calquera outra actuación que resulte necesaria, sen que iso supoña dereito a ningún tipo de indemnización.

Deberase axustar, así mesmo, ás seguintes condicións:

*Se o vial ten 5,00 metros ou mais de ancho, procederase por parte da empresa a reasfaltar un carril.

*Se o vial é inferior a 5,00 metros de ancho, deberá reasfaltar 1,00 metro a cada lado da gabia.

Para a conexión coas vivendas, advírteselle da obrigatoriedade imposta polo art. 194.3 da Lei 9/2002, do Solo de Galicia e 43.1 da Lei 8/2012, de Vivenda de Galicia, da existencia aos propietarios, da correspondente licenza de primeira ocupación para poder contratar o servizo.

Expediente 451/2017. Licenza urbanística

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE 451/17 (Expte.: 25.654).- A J.L.F.A., con enderezo a efectos de notificacións en Camiño Comariño, nº 2-Menduña-Aldán, conceder licenza de obras en solo non urbanizable común, para legalizar forxado de cuberta en vivenda unifamiliar e execución de obras menores de edificación sita en Rodeiro-Piñeiro-Aldán-Cangas, de conformidade co proxecto elaborado pola arquitecta M.T.F.I. en data febreiro de 2017 . A licenza condiciónase a que antes do comezo das obras presente oficios de dirección, cumprir co que sinala a Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia no referente aos materiais a empregar nos núcleos de poboación e tamén en



canto á obriga de conexión cos servizos existentes no núcleo e a formalizar perante o Catastro a modificación que presenta esta licenza. O presuposto de execución material ascende a vinte e tres mil douscentos euros (23.200,00 €).

Expediente 942/2017. Licenza urbanística

Desfavorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 942/17 (Expte.: 24.152).- O tramitado a instancia de "CACHOPIDO, SL", con enderezo a efectos de notificacións en Donón, nº 17-O Hío, para a construción de instalacións para actividade recreativa no lugar de Donón-O Hío, de conformidade co proxecto elaborado polo arquitecto técnico E.C. de data marzo de 2013 modificado en outubro de 2014, denégase vistos os informes emitidos polo Instituto de Estudos do Territorio en data 15 de xullo de 2013 e 8 de xullo de 2014 e o informe desfavorable do arquitecto municipal de data 21.03.2017.

Expediente 1769/2017. Licenza primeira ocupación

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE 1769/17.- LICENZA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACIÓN PETICIONADA POR M.J.B.C.

A Xunta de Goberno Local tendo en conta o informe-comprobación, emitido ao respecto polo arquitecto municipal, con data 20 de marzo de 2017, acordou:

a) Outorgar LICENZA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACIÓN, a M.J.B.C., con enderezo en rúa Sanjurjo Badía, nº 35-3ºA-Vigo, para vivenda sita en rúa A Garita, nº 18-Nerga, construída ao abeiro da licenza municipal Nº 18.144.

Expediente 41/2017. Comunicación previa de obra menor

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 41/17.- Dáse conta da comunicación previa presentada por Esther Pazó Moldes, con dirección a efectos de notificacións na Avda. de Vigo, nº 99-1ºB-Cangas, para obras consistentes en cerramento de cristal de terraza en vivenda sita en rúa Santa Pola, nº 17-baixo-Balea, de conformidade coa documentación presentada en xaneiro de 2017; proxecto técnico elaborado pola arquitecta M.T.F.I. O presuposto de execución material ascende a dous mil catrocentos dous euros (2.402,00 €).



Expediente 491/2017. Comunicación previa de obras

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 491/17.- Prestar conformidade á documentación que achega á comunicación previa presentada por M.F.P., en data 10 de febreiro de 2017, con domicilio a efectos de notificacións en Travesía de Vigo, nº 208-4º dereita-36207-Vigo, para obras consistentes en legalización de cerramentos, demolición e reconstrución de cobertizo en Rabáns, nº 103-A-Vilanova, de conformidade ca documentación incorporada ao expediente; proxecto técnico elaborado polo arquitecto técnico J.P.Y., de data febreiro de 2017. O presuposto de execución das obras ascende a tres mil catrocentos noventa e oito euros con setenta e catro céntimos (3.498,74 €).

Expediente 1094/2017. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 1094/17 .- Dáse conta da comunicación previa presentada por M.S.C., con domicilio a efectos de notificacións en rúa Palma, nº 10-Cangas, para obras consistentes en reparación de cuberta en vivenda sita no referido lugar, de conformidade co proxecto técnico elaborado polo arquitecto R.O.S. de data febreiro de 2017. O presuposto de execución das obras ascende a cinco mil catrocentos noventa e oito euros (5.498,00 €).

Expediente 893/2017. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº (893/17).- Dáse conta da comunicación previa presentada por L.S.C., para reparacións exteriores e interiores, sito en Areamilla, nº 33-Balea-Darbo, referencia catastral, de conformidade coa documentación presentada. O presuposto de execución das obras ascende a mil cincocentos euros (1.500,00 €).

Expediente 1759/2017. Comunicación previa de obras

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 26.132.- (1759/17).- Dáse conta da comunicación previa presentada por N.M.M., para rehabilitación e recuperación da cuberta da vivenda de 74,10 m2., sita en rúa Gorgullón, nº 3-Vilariño-O Hío, de conformidade coa documentación



Concello de Cangas

presentada polo arquitecto técnico S.G.F., de data setembro de 2016. O presuposto de execución das obras ascende a cinco mil catrocentos setenta e un euros con dous céntimos (5.471,02 €).

Expediente 1549/2017. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 1549/17 (Expte. nº 26.233).- Dáse conta da comunicación previa presentada por M.J.P.R., con dirección a efectos de notificacións en Cova da Galiña, nº 23-Aldán, para obras consistentes en cerramento de parcela sita no referido lugar, de conformidade coa documentación presentada en decembro de 2016, visto o informe favorable do POL de data 21.03.2017 e o do arquitecto municipal de data 20.01.2017. O presuposto de execución material ascende a catro mil cento vinte e cinco euros (4.125,00 €).

Expediente 1762/2017. Comunicación previa de obras

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 25.954.- (1762/17).- Dáse conta da comunicación previa presentada por N.M.M., para reparacións exteriores en vivenda, sito na rúa Gorgullón, nº 3-Vilariño-O Hío, de conformidade coa documentación presentada polo arquitecto técnico S.G.F. de data febreiro de 2016. o presuposto de execución das obras ascende a sete mil setecentos setenta e seis euros con vinte e sete céntimos (7.776,27 €).

Expediente 1085/2017. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 1085/17.- Dáse conta da comunicación previa presentada por E.P.G., con enderezo a efectos de notificacións na Avda. de Vigo, nº 126-1º-Cangas, para obras consistentes en peche de parcela sita en Balea-Darbo, de conformidade coa documentación presentada en marzo de 2017. O presuposto de execución material ascende a seiscentos (600,00 €).

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 Pontevedra. Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Expediente 1606/2017. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE N° 1606/17.- Dáse conta da comunicación previa presentada por I.D.V., con enderezo a efectos de notificacións en rúa Camiño Vello-San Roque, nº 64-Darbo, para obras consistentes en substitución de cuberta e pintado de fachadas de vivenda sita no referido lugar, de conformidade coa documentación presentada polo arquitecto técnico J.C.S., de outubro de 2016. O presuposto de execución material ascende a tres mil catrocentos oitenta e un euros con oitenta e oito céntimos (3.481,88 €).

Expediente 1621/2017. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE N° (997/17).- Dáse conta da comunicación previa presentada por Wenceslao Rodríguez González, para apertura de fiestra na fachada da vivenda sita no Espírito Santo, nº 17-1ºD-Coiro, e pechar outra fiestra que dá ao patio de luces, de conformidade coa documentación presentada. O presuposto de execución das obras ascende a douscentos dez euros (210,00 €).

Expediente 997/2017. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE N° (997/17).- Dáse conta da comunicación previa presentada por A.M.P.A., para pintado de fachada, de edificación sita en rúa Baiona, nº 20-baixo-Cangas, de conformidade coa documentación presentada. O presuposto de execución das obras ascende a seiscentos euros (600,00 €).

Expediente 1740/2017. Prestación do servizo de axuda a domicilio

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

Vista a solicitude e documentación presentada pola persoa solicitante e tralo informe social e proxecto de intervención elaborados pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, dende a xefatura de servizo do Centro Municipal Social,



propónselle á Alcaldía a seguinte resolución:

* CONCEDERLLE a: JLRC, co expediente nº: 36008/02/001196, o Servizo de Axuda a Domicilio a través da quenda de libre concorrência e de acordo cos seguintes detalles:

Prestacións:

- Atencións de carácter persoal.
- Atencións de carácter doméstico e da vivenda.
- Custo do servizo: 389,07 €.
- Achega económica da persoa usuaria: (segundo a capacidade económica) 10%: trinta e oito euros con noventa céntimos (38,90 €/mes).
- Número de horas: 30 horas.
- Data prevista de alta no SAF: abril de 2017.

Expediente 1715/2017. Solicitud de axudas de emerxencia social

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

En relación coa solicitude de axuda económica de emerxencia social e examinado o informe da traballadora social de servizos sociais comunitarios, propónse a seguinte resolución:

* Concesión de axuda económica de cincocentos euros (500,00 €) a E.P.G.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Non hai asuntos

C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

Non hai asuntos

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE